



ROGO SOBRE A REPARACIÓN DE BEIRRARRÚAS NA AVENIDA DE FERROL

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Avenida de Ferrol, construída nos primeiros anos da década pasada, constitúe unha importante arteria de conexión do antigo territorio municipal de Conxo co Ensanche da cidade. Unha moderna vía de catro carrís de circulación de preto de un quilómetro de lonxitude en cuxas marxes se asentan un gran número de edificios, polo que rexistra un elevado volume de tránsito de persoas e vehículos.

A importancia desta vía contrasta coa desatención e o abandono que manifesta o Goberno local no seu mantemento e coidado. Hai varios meses dábamos conta da necesidade de rozar a maleza existente na marxe esquerda en dirección á Avenida Romero Donallo e desde hai semanas observamos como na marxe oposta se mantén estragado o borde da beirarrúa nunha ampla superficie e son múltiples as pezas de pavimento desfeitas, sen que se tomen medidas ao respecto. Mesmo un banco de granito carece da metade da prancha da súa superficie que debera servir para o descanso das persoas.

Esta situación calamitosa da rúa –tal e como se pode apreciar no conxunto de imaxes que se achegan como anexo- esixe a adopción dunha inmediata resposta por parte do Goberno.

En consecuencia, o Grupo Municipal Popular formula o seguinte ROGO:

Que por parte do correspondente órgano do Goberno municipal se dean as instrucións precisas para proceder canto antes á reparación dos bordes da beirarrúa, das pezas do pavimento danado e dun dos bancos da Avenida de Ferrol.

Santiago de Compostela, a 4 de abril de 2018

Teresa Gufiérrez López
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

ANEXO FOTOGRÁFICO (AVENIDA DE FERROL)

